

ÁNXELA GRACIÁN

BIO-BIBLIOGRAFÍA



A MODO DE BIO-BIBLIOGRAFÍA

Ánxela Rodríguez Rodríguez (ou xa máis coñecida no mundo literario como **Ánxela Gracián**) naceu en San Paio de Arcos (Castroverde-Lugo) no ano 1968. Son xa varias as persoas que lle preguntaron o porque dese cambio de apelido e tamén varias as molestas ocasións en que a rexistraron co nome de Ánxela Gracián, e non co de Rodríguez Rodríguez que é o que ten no DNI, por non falar dos que a consideraron emparentada co rei dos aforismos conceptuais, Baltasar Gracián, que presumía de vivir sempre cun libro de cabeceira cheo de consellos preventivos cos que se defendía do mundo.

En realidade, para Ánxela Rodríguez Rodríguez, as cousas sucederon tal cal a lóxica das estacións, como tras do inverno vén a primavera, así o nome de **Ánxela Gracián** apareceu dun modo natural cando, á idade de vinte e sete anos, a Ánxela Rodríguez Rodríguez lle puxeron nas mans as súas primeiras probas de imprenta (pertencentes ao seu primeiro libro *Cos petos cheos de cinza*). Sen saber as razóns intrínsecas, Rodríguez Rodríguez entendeu que debía asinar como **Ánxela Gracián**, dende entón e para sempre. **Gracián** había ser moito máis un pseudónimo ca un heterónimo, porque, dende entón, a que leva os apelidos directos da súa familia só existe nos documentos oficiais; a outra substituíuna en todo porque, parece ser que aínda que as dúas eran a mesma, só a segunda era a chamada a dar memoria dese vilar de nove casas de pedra de granito, coreado polo horizonte do monte de Bidueiros polo leste, percorrido polo río Chamoso a onde vai dar tamén esa auga corredía da Fonte das Ninfelas, fonte pública dese lugar chamada Gracián, aldea diminuta do concello de Castroverde (Lugo), matria que a abeirou e da que non logra fuxir por máis que os seus pasos a leven a diferentes e moi afastados lugares do mundo, a través desas engurras do planeta que son os as estradas dos mapas. Efectivamente, Gracián é voz do bosque; zume de árbores, desde as raíces ás xemas dos seus brotes; algarabía de cantos de paxaros e paso das estacións, deambular apaixonado e nu polas praderías e as veigas do río Chamoso durante a adolescencia; pero sobre todo dimensión de afectos, recordos e sensacións, encontros e descubertas primeiras que deixaron pegada profunda nela e que case sempre, e mesmo sen querelo, asoman ao escribir, como notas de color na paisaxe, en forma de palabras que novelan os segredos dos seus

habitantes, nun ciclo ao que a autora se refire como "As voces do bosque" e ao que sempre lle gusta volver. Aí están os escenarios dos seus primeiros xogos, dos seus primeiros paseos en bicicleta, da observación directa da natureza trasliteraturizados no prado verde de Vilaframil, ou o seu reverso, o prado das Herbas Asubiadoras, a fraga da Costa Verdescente, ou outros topónimos ficticios de nomes rimbombantes que son sempre a evocación dese Castroverde natal que **Ánxela Gracián** leva cosido para sempre no sabugo das unllas.

Así o reflexiona nun poema do seu libro Paisaxes de pan:

Matria

Eu pertenzo a ti,
vilar de nove casas
que recendes a pan centeo,
a onte resplandecente e branco.
E pertenzo a ti
que un día albergaches a risa dunha nena
por mor do voo axitado das andoriñas
que, aínda que marchan, sempre regresan.

Ánxela Gracián estuda Filoloxía galega en Santiago de Compostela durante a segunda metade da década dos 90, etapa que lembra con entusiasmo, especialmente polas moitas actividades culturais (concertos, obradoiros, presentacións, coloquios, e sobre todo, moito cine) que Compostela ofrecía e unha estudante que viña do Lugo daquela entón gozou con verdadeira fruición. Compostela foi unha cidade na que sempre se sentiu moi cómoda e na que reside dende hai máis de quince anos; efectivamente, aquí pasa os seus días de diario e non pensa marchar a non ser que ese fermosísimo camiño milenario acabe por converter a cidade nun estarrecedor e invivible parque temático cultural arredor dun mito de dubidosa verdade, algo que acabará sucedendo, aínda que a escritora non viva o tempo suficiente de telo que sufrir.

Pero volvamos ao Santiago dos 90 e á Facultade de Filoloxía Galega, pazo de aprendizaxes canónicas e ortodoxas, e non tanto, onde, sen dúbida, Gracián aggrandou o seu amor ás linguas, -á materna e a outras-, o gusto por traballar as palabras ata o extremo da expresividade e, sobre todo, a lectura de tantos

libros, tanto os obrigatorios como os que estaban fóra dos programas, porque, en realidade, Ánxela Gracián sempre se lembra a si mesma cun libro na man.

Para que serve a literatura? Para evadirse, para soñar, para vivir vidas para as que non estamos destinados, para entender por boca das palabras de outros os sentimentos e as paixóns que viven no corazón humano. Sen dúbida, os libros conteñen unha vida paralela á vida real, que a contén e a canta. Sen os libros, a vida de Ánxela Gracián non tería sido a mesma e sen eles ningunha maxia tería sido posible. Compostela foi tamén a época dos primeiros escritos publicados. O relato "A muller do clarinete", ca que gañou un accésit de Ólisbos da Facultade de Filoloxía, e algúns poemas que se editaron na revista *Dorna*, pero, a súa etapa de estudante de letras lémbraa, sobre todo, ateigada de moita inseguranza, que tentaba paliar con lecturas e máis lecturas, congresos, encontros, xornadas, cos que gozou enormemente, dito sexa de paso, seguramente porque cría nesa fermosa e lúcida decisión que fai André Gide sobre a influencia da literatura na vida das persoas:

"J'ai lu tel livre; et après l'avoir lu j'ai fermé; je l'ai remis sur ce rayon de ma bibliothèque, mais dans ce livre il y avait telle parole que je ne peux pas oublier. Elle est descendue en moi si avant, que je ne la distingue plus de moi-même. Dèsormais, je ne suis plus comme si je ne l'avais pas connue."

Desa época de formación académica conserva un caderno, xa algo amarelecido polas beiras, cheo de citas doutros escritores e escritores que se tomaba a molestia de copiar á man só polo pracer de sentir a súa verdade interna ou por crer nesa sorte de vasos comunicantes que son as palabras.

Ata aquí nunca vivira fóra de Galicia e non tería pasado nada. Din que Kafka apenas se afastou nunca do raio da cidade vella de Praga. Unha vez que miraba dende a fiestra da súa casa a praza principal dixo:

-Aí está o meu colexio, aquela é a miña universidade e esa de aló a miña oficina. Aquí está encerrada toda a miña vida.

Ben que nun determinado momento da súa vida Galicia concentrou todo o que **Ánxela Gracián** era, toda a xeografía física que precisaba para ser feliz, Europa tornouse, ao rematar os estudos, un destino posible.

As cousas fóronse tecendo dun modo que marchar o sentiu como unha necesidade, ver mundo, aprender outra lingua e, xa que logo, outro modo de codificar a realidade. Gracián imaxina que os libros e algunhas persoas foron os responsables de que sentise o desexo de poñer o pé precisamente en París para coñecer de primeira man os espazos que nas novelas se narraban ou tal

vez, coma Vila Matas, Gracián é un deses seres dos que "habitan o mundo literariamente"; para xente así París nunca defrauda. A etapa de París, ademais de permitirlle aprender a lingua francesa, foi tamén o inicio dun pracer que nunca abandonaría e que aínda non puido converter nun modo de vida: a viaxe.

Ademais na capital francesa comezou a ler literatura francesa en francés. Como non tiña traballos moi estables quedáballe moito tempo libre e usábao para pasear e ler. No apartamento onde vivía, -situado no distrito 19, céntrico pero de marcado carácter magrebí e africano, lugar tan adorable cun patio orientado ao leste dende o que vía aos inquilinos africanos das mansardas sen baño barbearse á luz do sol-, había un andel con bastantes libros anotados e raiados á man polo misterioso propietario daquel oasis de paz onde se sentiu tan a gusto. Foi alí onde sentiu a chamada da súa primeira cita como tradutora, *Memoires de Adrien* de Marguerite Yourcenar, libro que soñou con traducir a pesar de que eran tantas as palabras cuxo significado descoñecía. Lograr abordar a súa lectura na lingua orixinal ata o final foi para ela un verdadeiro desafío. No entanto, a obra gustáballe moitísimo e deseguida comezou a facer fichas das palabras que descoñecía sen imaxinar que, moi poucos anos despois, se había ver sentada diante dun home sorrinte e que non marcaba as distancias (para un aspirante a escritor ou tradutor a primeira entrevista cun editor de verdade é algo que dá verdadeiro arrepío). Aquel editor positivo non só non puxo ningún reparo ás súas explicacións senón que non paraba de sorrir e de dicir a todo que si (O editor de *Memorias de Hadrián* non pode ser outro que Paco Macías de Edicións Positivas).

Paseou moito por París e sorprendeulle a forte presenza da comunidade magrebí e o pouco que quedaba do que fora o espírito de Maio do 68. Buscou a bufarda que Marguerite Duras lle alugara a Vila Matas na rúa Saint Bernoit, camiñou polo París de Simone de Beauvoir e Jean-Paul Sartre, tomou varios cafés no barrio de Saint Germaine, e sobre todo, polo París de *Rayuela*, dende o Quai de Conti ata a rúa Moufflard e sentiuse, por veces sen poder evitalo, algo Maga. Nunca imaxinou que escribiría cantos para nenos, entre outras cousas porque na súa vida real non falaba moito con nenos; non obstante, foi tamén en París ente se decatou de que, a pesar do seu incipiente francés falado, era capaz de conseguir que unha nena mal criada de apenas catro anos que fungaba por todo, quedase perplexa ante a súa maneira españolizante de

pronunciar a palabra "sorrrièrre" e ese, foi, sen dúbida, o seu primeiro conto narrado para nenos:

-Il y a une gran sorcière derrière la porte, si tu ne viens pas avec moi, elle sort, vien ici, s'il te plaît!

A nena non se movía e, de cando en cando, ollaba a porta, así, e a pesar de que nunca lle gustou ese didactismo pragmático da literatura para nenos, sentiuse feliz, e ao mesmo tempo, estarecida de saber que aquelas palabras tan sinxelas resultaban tan eficaces para inspirar un medo ateigado de tenrura e de paixón, despois, comezou a recrearse no detalle descritivo e sentiu na propia pel a emoción dos nenos. Tempo despois, cando estaba escribindo *Paisaxes de pan*, había entender que, en realidade, aquela voz non era a súa, senón a da avoa Anuncia, evocando lembranzas afastadas da súa infancia no bosque, unha carapuchiña que levaba a comida aos seus irmáns ferreiros que baixaran ás moas de Liñar Longo para afiar os fouciños que se habían de mandar para Castela.

Tempo despois daquelas primeiras palabras pronunciadas diante do primeiro neno, veu de seu tamén ese rexistro que os editores encadraron en literatura infantil, xénero no que se encadra a escritora, co que goza e para o que había de dar variados froitos, sempre coa voz da avoa a resoarlle na memoria ata que un día, xa polo comezos do novo século comeza a ler avidamente os distintos autores e obras co desexo de coñecer a fondo o corpus con etiqueta de "infantil e xuvenil", e se decata que dende aquel a oralidade natural ata a escrita actual quedaba moito camiño por percorrer. A busca desa especialización culmina coa realización do Máster de Literatura Infantil e Xuvenil da Universidade Autónoma de Barcelona dirixida por Teresa Colomer e coa inscrición da tese de doutoramento dirixida por Ana Blanca Roig-Rechou, proxecto que ten agora entre mans.

Á volta de París comezou a busca dun traballo algo máis estable e decidiu retomar os temarios das oposicións que a levarían a ser profesora de galego. Nesa época continuou lendo moito e escribiu un ensaio (inédito) sobre a obra de Xohana Torres (*Memoria e signo*) co que gañou o primeiro premio do concurso "Xohana Torres", convocado polo Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela. Nesa época deambulou por variados lugares da xeografía galega dando cursos de Iniciación e Perfeccionamento de Galego, fixo o CAP e deixou o seu curriculum onde pensaba que podían precisar un

filólogo (ata o enviou a unha adega de Albariño pois cría inocentemente que precisaban un poeta para escribir as lapelas das botellas). Un día chamárona das listas de interinaxe da Xunta de Galicia para traballar como tradutora interina no Servizo de Tradución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustizas. Dixéronlle que había unha praza para ser cuberta por un filólogo/a galego e que ela tiña unha puntuación excelente nesas listas. (Tal vez todos eses seminarios, congresos e cursos de formación, aprendizaxe de linguas deran máis froito que a propia experiencia do coñecemento adquirido). Dixo que si e, dende entón, segue traballando cada mañá na Administración da Xunta de Galicia.

A partir da práctica adquirida no seu ámbito de traballo habitual como tradutora, onde aprendeu a arte de verter un contido dunha lingua a outra, con rigor e método, comezou a súa andaina como tradutora literaria, actividade que sempre lle pareceu indispensable como ferramenta para afondar na escrita.

Dende o seu primeiro libro traducido, *Memorias de Hadrián* de Marguerite Yourcenar (o seu favorito) ao último, *A infancia dun xefe* de Jean-Paul Sartre, hai un amplo percorrido de obras e autores que verteu ao galego, Jules Verne, Hugo Pratt, Jean Giono, Blaise Cendrars (inéxito).

A súa primeira tradución fíxolle afondar na súa paixón pola lingua francesa e tamén entender que esa idea de fidelidade co orixinal se esvaecía nos propios contornos da súa definición, fronte á importancia que cobraba outra premisa: a convicción de que a tradución é unha das formas de interpretación máis grandes que existen. Toda boa tradución debe sempre focalizar, non tanto a intención do autor, como a intención do texto, é dicir, aquilo que o propio texto suxire no lector en relación coa lingua na cal se expresa de novo, entendendo o contexto cultural no que nace. De aí que todo bo tradutor sinta sempre a necesidade de asumir o reto de buscar ese ritmo interno que toda lingua ten, a espontaneidade natural da lingua de chegada logrando que a lectura fluída sexa a máxima premisa, como se da agulla dunha gramola antiga se tratase, o tradutor debe ir decodificando as raias escritas no disco de pizarra ata transformalas nunha canción con vida propia, preto e lonxe do orixinal ao mesmo tempo, porque traducir non é máis ca iso: interpretar interminablemente.

"En fin, que chegásemos ata aquí, tan fráxiles e nus, non significa que saibamos volver", dille a alimacha Aniceta (do conto *Aniceta*, inédito en galego, que verá a luz proximamente en castelán editado pola editorial zaragozana La Fragua del Trovador) á súa creadora Ánxela Gracián, algunhas tardes cando xuntas pasean polas veigas verdes de Vilaframil pero entón achégase coa súa presenza inmemorial a araña Penélope (do libro *Paisaxes de pan*) e recítalles poemas que conteñen as portas.

BIBLIOGRAFÍA

COMO ESCRITORA

"A muller do clarinete", relato gañador do certame literario "Ólisbos", convocado pola Comisión Cultural de Filoloxía e publicado en Ólisbos, 1990.

Memoria e signo (Premio de Investigación Xohana Torres. Concello de Santiago de Compostela, Concellería da Muller (inédito), 1995.

Cos petos cheos de cinza. Montaña encantada. Ed. Everest Galicia. Ilustracións de Suso Cubeiro, 1998.

As bolboretas douradas. Volumen 38 de Sotelo Blanco infantil e xuvenil: A máquina de escribir. Ilustracións de Cruz Lago. Ed. Sotelo Blanco, 1999.

Eu tamén fun peliqueiro de Laza. Punto de encontro. Ilustracións de Coquixo. Ed. Everest Galicia, 2000.

As noites en que o vento asubía o teu nome, narrativa. Ed. eDixital en línea, 2005.

Chis chisgarabís. Ala delta (Tambre). Ilustracións de Xulia Barros. Ed. Tambre-Edelvives, 2004.

A toupiña cegarata. Ed. Galaxia. Ilustracións de Xulia Barros, 2005. (Escollido pola Rede de selección de libros infantís e xuvenís da biblioteca Germán Sánchez Ruipérez).

Nun lugar chamado Labirinto. Ala delta, ilustracións de Ramón Trigo. Ed. Vives, Tambre, 2006. (White Ravens).

Camiño solitario. Ed. Galaxia. Ilustracións de Federico Fernández, 2007.

Pinga de choiva, Xerais. Ilustracións de Daniel Díaz Trigo. Ed. Grupo Anaya Comercial, 2009.

Carrapeto, Librosaurio Series. Ilustracións de Juan Berrio. Ed. Macmillan Iberia S.A, 2009.

Carapuchiña "en rose", Editorial Everest, ilustracións de Manuel Cráneo, 2010.

As palabras do silencio, ilustracións de Dani Padrón, Edicións Xerais de Galicia, 2013.

Paisaxes de pan, Colección Bourel, Ribeira, 2013.

Xoaniña reirrei, dime con quen casarei, Sotelo Blanco Edicións, ilustracións de Daniel Díaz Trigo, 2014.

Libros colectivos:

Narradoras (antoloxía colectiva), Colección Peto, Edicións Xerais de Galicia, "As noites en que o vento asubía o teu nome", 2001.

Longa lingua, (antoloxía colectiva), Edicións Xerais de Galicia, "Isolina", 2002.

Cantos de ograds, aventuras, baladas e piratas. *Ogra pinta*, en *Cantos de ograds, aventuras, baladas e piratas*, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia, 2006.

150 Cantares para Rosalía de Castro (2015, [libro electrónico]).

COMO TRADUTORA

Doutras linguas ao galego:

Marguerite Yourcenar: *Memorias de Hadrián*. Positivas, 1999.

David Durán: *Ciclo bis*, Sotelo Blanco, 2000.

Luisa Villar Liébana: *O trasno da catedral de Santiago*, Edelvives, 2003.

Blanca Álvarez: *As fontes do destino*, Edelvives, 2003.

Moka: *O mundo de papá*, Edelvives, 2003.

Blaise Cendrars: *Contiños de negros para os rapaces dos brancos* (inérito).

Hugo Pratt: *A balada do mar salgado* (Finalista do Premio OEPLI). Editorial Galaxia, SA.

Hugo Pratt: *Patio oculto chamado Arcano*. Editorial Galaxia, SA.

Hugo Pratt: *O desexo de ser inútil*. Editorial Galaxia, SA.

Jules Verne: *A illa misteriosa* (Premio Plácido Castro outorgado pola Asociación Galega de Tradutores, 2008). Publicado por BIVIR.com. Publicada tamén en formato de libro en 2014 por Xerais.

Jules Verne: *Miguel Strogoff*. Editorial Baía, 2012, SA.

Sandra Comino: *A casiña azul*. Editorial Galaxia, SA.

María Teresa Andruetto: *Stefano*. Editorial Galaxia, SA.

Jean Giono: *O home que plantaba árbores*, Galaxia, 2009.

Marie de Prémonville : *Cleopatra*. Raíña do Nilo, Baía, 2013.

Juliette Saumande: *Oliver Twist*, Baía, 2013.

Do galego para o castelán:

Xosé A. Neira Cruz: *La estrella de siete puntas* (Valdemuller) E. Anaya, 2005.

An Alfaya: *La sombra descalza* (*A sombra descalza*) Editorial Anaya, 2006.

Concha Blanco: *La vaca titiritera* (*A vaca titiriteira*).

Xesús M. Marcos: *El brindo de oro* (*O brindo de ouro*).